



BOP

SÁBADO, 9 DE XANEIRO DE 2021

N.º 006

DEPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

CONCELLOS

BECERREÁ

Anuncio

Aprobada inicialmente polo Pleno da Corporación en sesión plenaria de data 17 de decembro de 2020 a relación de postos de traballo para o exercicio 2021 (expediente nº 1140/2020) en cumprimento do disposto no artigo 202.2 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, expónse ao público na Secretaría deste Concello, por prazo de 20 días hábiles que empezarán a contarse dende o seguinte ó da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, a fin de que durante o mesmo poidan formularse reclamacións que deberán ser dirixidas ó Sr. Alcalde-Presidente.

Becerreá, 4 de xaneiro de 2021.- O Alcalde-Presidente, Don Manuel Martínez Núñez.

R. 0009

BÓVEDA

Anuncio

EXPOSICIÓN PÚBLICA ACORDO DE APROBACIÓN INICIAL

O Pleno da Corporación Municipal do Concello de Bóveda (Lugo), en sesión ordinaria de data 28 de decembro do 2020, acordou incluír a praza de Secretaría-Intervención do Concello no vindeiro concurso ordinario, así como aprobar as bases específicas da convocatoria para a inclusión, no vindeiro concurso ordinario, da praza de Secretaría-Intervención do Concello de Bóveda (Lugo).

O expediente expónse ao público na Secretaría deste Concello polo prazo de quince (15) días hábiles, contados dende o día seguinte ó da inserción do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os interesados podan realizar as reclamacións que estimen oportunas.

De non presentarse reclamacións, entenderase definitivamente aprobado o acordo ata entón provisional.

Bóveda, 4 de xaneiro do 2021.- O Alcalde, José Manuel Arias López.

R. 0003

CERVO

Anuncio

Por Resolución de Alcaldía de data 30 de decembro de 2020, aprobáronse os padróns correspondentes ás mensualidades de novembro de 2020 das liquidacións do prezo público polo servizo de Axuda no Fogar, da Taxa pola prestación do servizo da Escola infantil Municipal e da Piscina Municipal así como o correspondente ás ensinanzas especiais en establecementos docentes das entidades locais, escolas deportivas municipais e os padróns correspondentes ao 5º bimestre de 2020 das taxas polos Servizos de Abastecemento de Auga, Recollida de Lixo e Saneamento.

Por medio do presente edicto expóñense ao público os padróns, por un prazo de 15 días naturais, a contar dende o seguinte á publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, a efectos de reclamacións. Contra os mesmos poderase interpoñer o recurso de reposición do artigo 14 do RD lexislativo 2/2004, de 5 de marzo no prazo de un mes dende a publicación deste anuncio, sendo o procedente no caso do canon da auga a reclamación económico-administrativa ante a Xunta Superior de Facenda (Consellería de Facenda) no prazo dun mes dende que se entenda producida a notificación mediante o Padrón.

O prazo de ingreso en período voluntario abarcará dende o 12 de xaneiro ao 14 de abril de 2021. Unha vez transcorrido o mesmo sen ter efectuado o pago, este esixirase polo procedemento de constrinximento sobre o patrimonio do debedor. No caso do canon da auga, esta falta de pago no período voluntario sinalado suporá a esixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

Formas de pagamento: Mediante domiciliación bancaria ou en calqueira oficina de Abanca, Banco Santander ou BBVA provistos do documento de ingreso que se lles remitirá ou poderán solicitar no Concello

Cervo, 30 de decembro de 2020. O Alcalde; Alfonso Villares Bermúdez.

R. 0010
